

INFORME DA SITUACIÓN SOCIOLABORAL DAS MULLERES EN GALIZA 2021



SITUACIÓN LABORAL DAS MULLERES EN GALICIA. 2021

Os datos económicos do ano 2021 xa nos permiten afondar en maior medida nas consecuencias da crise económica provocada pola pandemia, e a súa incidencia na situación das mulleres en particular.

Aínda que o ano 2021, tampouco foi un ano “típico”, xa que ao longo do mesmo producíronse limitacións de horarios en algunhas actividades, ERTes..., xa se achega en maior medida a situación anterior a mesma. En calquera caso, nada que ver co ano 2020, onde o confinamento da poboación unha parte do ano, peches obrigatorios de determinadas actividades económicas, restricións horarias... levaron a unha caída das principais variables macroeconómicas sen precedentes, polo que calquera comparación con este ano non a lugar; polo que optamos por comparar co ano 2019, entre outras para

Optamos ao longo do informe, por comparar os datos co ano 2019

Ingresos salariais.

Os datos de ingresos, ao proceder da Axencia tributaria, extraídos da declaración do IRPF, correspóndese ao ano 2020. Ao ser datos reais, e tratarse de ingresos brutos, teñen o valor de indicarnos con total precisión, cal é a situación económica da poboación asalariada, polo tanto consideramos importante incluílos neste informe, aínda que sempre sexa cun ano de retraso respecto ao resto dos indicadores que se inclúen.

Trátase de ingresos por salario ao longo do ano, independentemente do tempo traballado. Quer isto dicir, que non se teñen en conta os días traballados. Calcúlase, dividindo as masas declaradas de rendementos do traballo entre o número de perceptores, sen ter en conta o tempo efectivo de traballo. Este feito produce un nesgo á baixa do que se coñece como salario medio en comparación con outras fontes cuxo denominador é número medio anual de persoas traballadoras. Tampouco é correcto utilizar este dato en termos de salario medio anual (SMA), senón como **ingreso medio por salario**, aínda que a propia axencia, nas estatísticas o denomina salario medio. Convén lembrar asemade que se trata de salarios brutos.

Este ano de análise, 2020, a crise sanitaria provocada pola Covid alterou notablemente o mercado de traballo. Nos distintos estados de alarma decretados polo goberno, establecéronse medidas para garantir certos ingresos ás persoas que viron suspendida a súa actividade económica, os coñecidos como ERTes. Isto ten un efecto directo nesta estatística, xa que unha parte importante de traballadores/as – concretamente 196.619 en Galiza-, durante unha parte do ano

deixaron de ter ingresos por salarios e pasaron a telos por prestacións, o cal afecta aos ingresos medios anuais que baixan, e pola contra medran os ingresos por prestacións. É polo tanto un ano “atípico” tamén para esta estatística.

Os efectos desta situación foi desigual segundo o sexo. As mulleres, ao ser maioría nas actividades consideradas esenciais, víronse en menor medida afectadas por ERTes (do tal o 48% foron mulleres). Asemade, tamén o incremento das perceptoras de prestacións por desemprego, aumentaron en menor media que os homes, un 78,7% fronte a un 94,6% no caso dos homes; xunto a outros factores, que logo analizaremos, levou a que globalmente, os ingresos medios as mulleres aumentaran un 1,2%, mentres os dos homes baixaron un 0,7%.

Esta evolución, fixo que mellorara levemente a brecha salarial de xénero neste ano 2020.

Ingresos salariais segundo sexo.

	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Fenda salarial de xénero	Diferenza en termos absolutos
<i>Galicia</i>					
2009	18.217	20.271	15.594	23,1	-4.677
2010	18.314	20.408	15.704	23,0	-4.704
2011	18.271	20.393	15.688	23,1	-4.705
2012	17.737	19.865	15.227	23,3	-4.638
2013	17.770	19.820	15.383	22,4	-4.437
2014	17.729	19.746	15.414	21,9	-4.332
2015	17.839	19.899	15.501	22,1	-4.398
2016	18.114	20.243	15.730	22,3	-4.513
2017	18.463	20.554	16.123	21,6	-4.431
2018	19.159	21.327	16.755	21,4	-4.572
2019	19.879	22.038	17.511	20,5	-4.527
2020	19.900	21.887	17.720	19,0	-4.167

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

De media, no ano 2020 a fenda salarial de xénero situouse no 19%, 1,5 puntos porcentuais menos que no ano 2019.

O incremento medio dos ingresos salariais das mulleres dun 1,2%, ata os 17.720 euros brutos anuais, fronte ao descenso medio dun 0,7% dos ingresos dos homes (acadando os 21.887 Euros brutos anuais), permitiu este acercamento. En termos absolutos a diferenza de ingresos está en 4.167 euros brutos anuais.

Este amortecemento das diferenzas débese tomar con certas “precaucións”; polo ano atípico do que estamos falando. Os ERTEs, permitiron a determinadas persoas traballadoras, especialmente as situadas nos tramos de menores ingresos, ver incrementados os seus ingresos, xa que unha das condicións de acollerse a un ERTE era certa estabilidade futura do posto de traballo. Como as mulleres son maioría nos tramos inferiores da táboa salarial, este feito pode ter unha repercusión directa na redución desta brecha, e polo tanto, ser meramente conxuntural.


Tamén, como veremos máis adiante (cando analicemos os datos da EPA), o incremento, en maior medida, da ocupación das mulleres en actividades cun importante peso do sector público (sanidade, educación..), cos SMA femininos máis elevados de todas as ramas de actividade e menor fenda salarial, contribuíu a minar estas diferenzas.

Pero, a maioría dos contratos feitos a estas mulleres, foron temporais, contratos feitos ante as necesidades que impuxo a pandemia: reforzo en sanidade, educación, servizos sociais, SEPE... polo que a medida que esta vai desaparecendo ou rebaixándose os protocolos de prevención, vaise producir unha redución deste postos traballo, co que previsiblemente, a curto prazo, a fenda salarial volvera a medrar.

A pesar desta redución da fenda, as diferenzas de ingresos cos homes son notables.

Distribución da poboación asalariada por tramos de ingresos e sexo.

	% sobre intervalo de ingreso		% sobre total	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
<i>Total tramos de salario</i>	52,3	47,7	100,0	100,0
<i>De 0 a 0,5 SMI</i>	44,1	55,9	16,8	23,3
<i>De 0,5 a 1 SMI</i>	42,4	57,6	15,7	23,4
<i>De 1 a 1,5 SMI</i>	56,6	43,4	24,6	20,6
<i>De 1,5 a 2 SMI</i>	60,7	39,3	16,9	12,0
<i>De 2 a 2,5 SMI</i>	57,6	42,4	8,3	6,7
<i>De 2,5 a 3 SMI</i>	55,1	44,9	6,6	5,9
<i>De 3 a 3,5 SMI</i>	54,6	45,4	4,0	3,6
<i>De 3,5 a 4 SMI</i>	60,6	39,4	2,3	1,6
<i>De 4 a 4,5 SMI</i>	65,6	34,4	1,4	0,8
<i>De 4,5 a 5 SMI</i>	62,4	37,6	0,9	0,6
<i>De 5 a 7,5 SMI</i>	64,8	35,2	1,9	1,1
<i>De 7,5 a 10 SMI</i>	76,4	23,6	0,4	0,1
<i>Máis de 10 SMI</i>	82,4	17,6	0,3	0,1



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

O leve acercamento nas diferenzas salariais, non modifica globalmente, a situación económica das mulleres en Galiza; estas, continúan sendo maioría nos intervalos de menores ingresos, e ademais concéntranse maioritariamente nestes intervalos.

En conxunto, as mulleres representaron o 47,7% do total da poboación asalariada que declarou ingresos a Facenda no ano 2020; sen embargo, nos dous tramos de ingresos inferiores aos SMI (Salario Mínimo Interprofesional), o peso das mulleres é moi superior a esta porcentaxe, e polo tanto moito maior que o dos homes.

Concretamente ata ingresos iguais ou superiores ao SMI, o peso das mulleres é maior do 55%; a partir deste intervalo, o peso das mulleres vai descendendo a favor dos homes, ata o tramo de maiores ingresos, onde as mulleres tan só representan o 17,6% (no ano anterior eran o 18,2%).

Entre as persoas que non acadaron o SMI, o presenza das mulleres é 15 puntos porcentuais superior á dos homes; a partir deste nivel de ingresos comeza a distancia a favor dos homes, incrementándose a medida que medra o nivel de ingresos. No último tramo, esta diferenza é de 64,8 puntos porcentuais.

O gráfico é moi ilustrativo, permite ver con moita precisión o peso por sexos en cada intervalo de ingresos. Persiste esa “tesoira aberta”, co punto de cruce moi próximo ao inicio da distribución, concretamente entre o segundo e terceiro intervalo; a partir de aquí a abertura vai marcando o maior peso dos homes a costa das mulleres.

Esta sobre representación das mulleres no tramo de menores ingresos leva a que o 46,7% das mesmas, obtiveran uns ingresos inferiores ao SMI. no ano 2019 foran o 41,5%. No caso dos homes, os que ingresan menos do SMI son o 32,5% do total.

Esta situación débese a que tan só aumentaron as mulleres asalariadas nos grupos de menores ingresos.

Evolución das asalariadas por tramos de ingresos.

	<i>Asalariadas</i>			<i>SMA</i>
	2019	2020	Variación	2020
<i>Total tramos de salario</i>	503.718	488.113	-3,1	17.720
<i>De 0 a 0,5 SMI</i>	104.569	113.805	8,8	2.992
<i>De 0,5 a 1 SMI</i>	104.656	114.405	9,3	10.079
<i>De 1 a 1,5 SMI</i>	123.046	100.643	-18,2	16.259
<i>De 1,5 a 2 SMI</i>	65.258	58.387	-10,5	22.949
<i>De 2 a 2,5 SMI</i>	34.636	32.886	-5,1	29.854
<i>De 2,5 a 3 SMI</i>	28.894	28.829	-0,2	36.244
<i>De 3 a 3,5 SMI</i>	18.324	17.650	-3,7	42.979
<i>De 3,5 a 4 SMI</i>	9.579	7.927	-17,2	49.271
<i>De 4 a 4,5 SMI</i>	4.424	4.046	-8,5	56.382
<i>De 4,5 a 5 SMI</i>	3.188	3.029	-5,0	62.832
<i>De 5 a 7,5 SMI</i>	6.041	5.575	-7,7	77.556
<i>De 7,5 a 10 SMI</i>	710	606	-14,6	111.223
<i>Máis de 10 SMI</i>	393	325	-17,3	262.347

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

No último ano, onde o emprego asalariado feminino descendeu un 3% (caída semellante á rexistrada entre os homes), a evolución foi moi desigual segundo o tramo de ingresos onde se sitúe as mulleres.

Tan só aumentou o número de mulleres asalariadas nos dous tramos de menores ingresos, ingresos inferiores ao SMI, un 8,8 e o 9,3% respectivamente; a partir de aquí en todos os tramos de ingresos hai menos mulleres que no ano 2019; nalgúns tramos, as caídas son importantes, especialmente entre as de maiores ingresos onde a caída é superior ao 17%.

Con esta evolución, no ano 2020 houbo 113.805 mulleres con ingresos anuais inferiores a 3.000 euros, concretamente 2.992 euros brutos anuais, este colectivo, que medrou un 8,8% con respecto ao ano 2019, converteuse no segundo máis numeroso; o primeiro é o de ingresos entre a metade e o SMI, mulleres con ingresos entre 3.000 e 10.079 euros brutos ao ano.

Tan so o 0,1% das mulleres con ingresos procedentes de salarios, superaron 10 veces o SMI non ano 2020.

O SMA das mulleres foi de 17.720 euros anuais, cantidade que so superaron o 32,7% das mulleres.

É dicir, non so hai enormes diferenzas entre os ingresos de homes e de mulleres, senón entre as propias mulleres. É tal a dispersión existente entre elas que, como dixen antes, apenas o 33% superan os ingresos medios das propias mulleres.

Os factores que explican estas diferenzas son múltiples e variados: rama de actividade na que traballan, tipo de contrato, tipo de xornada...diferenzas, que nin a idade parece mitigar, xa que entre as cohortes de menor idade, a distancia salarial é notable.

Persoas asalariadas e SMA segundo sexo e idade.

	Homes		Mulleres		Fenda salarial
	Asalariados	SMA	Asalariadas	SMA	
<i>Total idade</i>	535.629	21.887	488.113	17.720	19,0
<i>Menor de 18 anos</i>	893	2.523	583	1.765	30,0
<i>De 18 a 25 anos</i>	39.426	8.068	33.663	6.073	24,7
<i>De 26 a 35 anos</i>	100.831	16.342	96.463	14.297	12,5
<i>De 36 a 45 anos</i>	154.257	22.320	146.054	18.079	19,0
<i>De 46 a 55 anos</i>	145.202	25.820	131.597	20.308	21,3
<i>De 56 a 65 anos</i>	88.292	27.084	74.884	22.407	17,3
<i>Maior de 65 anos</i>	6.728	25.536	4.869	15.105	40,8

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

En ningún grupo de idade a fenda desaparece. Os valores máis baixos acádanse entre os 26 e os 35 anos, pero aínda así sitúase no 12,5% para este grupo de idade. Si é certo, que esta idade se corresponde co fin de etapa educativa superior onde o peso das mulleres é máis elevado, e polo tanto pode ser o motivo fundamental desta menor fenda, aínda así a fenda é excesivamente elevada e persistente no tempo.

Entre a xente máis nova a fenda é do 30%.

A medida que aumenta a idade das persoas medran os ingresos. Entre as mulleres, ata máis alá dos 45 anos non se acadan os ingresos medios galegos (19.900 para o ano 2020), no caso dos homes esta cuantía acádase 10 anos antes.

A rama de actividade onde as persoas desenvolven o seu traballo, marca importantes diferenzas de ingresos.

Poboación asalariada, SMA e taxa de feminización por ramas de actividade.

Galicia	<i>Home</i>		<i>Muller</i>		Taxa de feminización	Fenda de xénero
	Asal	SMA	Asal	SMA		
<i>Total sectores</i>	535.629	21.887	488.113	17.720	47,7	19,0
<i>Agricultura e pesca</i>	20.115	16.387	5.309	12.708	20,9	22,5
<i>Industria extractiva</i>	8.663	30.529	1.997	23.416	18,7	23,3
<i>Industria</i>	91.313	23.662	40.868	17.865	30,9	24,5
<i>Construción e actividades inmobiliarias</i>	65.901	19.177	12.226	17.200	15,6	10,3
<i>Comercio</i>	126.493	20.658	101.395	15.195	44,5	26,4
<i>Información e comunicacións</i>	14.157	28.148	7.919	21.521	35,9	23,5
<i>Entidades financeiras e aseguradoras</i>	9.252	39.970	10.400	29.478	52,9	26,2
<i>Servizos ás empresas</i>	60.860	18.286	72.748	13.339	54,4	27,1
<i>Servizos sociais</i>	93.085	29.367	170.736	24.279	64,7	17,3
<i>Outros servizos persoais e de ocio</i>	45.970	10.414	65.514	7.142	58,8	31,4

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

Hai unha relación clara: a maior taxa de feminización, maior fenda de xénero.

Tan só as persoas traballadores de “servizos sociais”(cunha taxa de feminización do 64,7% e unha fenda do 17,3%), rompen a máxima anterior, no resto das actividades conviven altas taxas de feminización con elevadas fendas salariais. A excepción desta desta rama de actividade, ten que ver coa forte presenza de persoas do sector público dentro da mesma, xa que engloba actividades como sanidade e educación, onde a presenza do sector público é elevada, e as desigualdades salariais menores, polo elevado peso de persoal funcionario. E a rama cos maiores salarios entre as mulleres traballadoras.

Nesta rama. Foi practicamente na única onde medrou o persoal asalariado feminino durante este ano, polo que tamén contribuíu a mitigar as diferenzas cos homes. Preto do 35% das mulleres traballadoras traballan en algunha das actividades englobadas nesta rama. A forte presenza de mulleres, xunto a uns ingresos superiores á media , fan que a fenda de xénero se sitúe máis baixa; xa que no resto das actividades, está por encima do 20%, salvo en construción onde a presenza da mulleres é practicamente testemuñal.

A rama “ outros servizos persoais e de ocio” é a que rexistra os ingresos máis baixos. Cunha taxa de feminización do 59%, a fenda de xénero é do 31,4%, a


máis alta de todas. Os ingreso nesta rama de actividade apenas superan a metade do SMI. Foi unha rama moi afectada pola pandemia, de feito foi onde máis descendeu o emprego .

Son moitos os factores que inflúen nesta fenda salarial. A rama onde se desenvolve a actividade , é sen dúbida un deles, pero as condicións laborais: tipo de xornada, duración do contrato...son determinantes.

Este ano, a Axencia tributaria sacou un módulo, módulo salarial, no cal, cruzando datos da axencia tributaria cos da SS, estimou un salario equivalente a tempo completo. O SME (salario Medio estimado) sería, pois o equivalente a traballar os 12 meses do ano a xornada completa.

Asemade, divide a poboación asalariada en decis (10 partes iguais), e distribuída por sexo. A conclusión é clara: o peso das mulleres é superior aos dos homes, nos dou primeiros deciles (de menores Ingresos); a partir de aquí o presenza das mulleres vai perdendo peso.

O gráfico é ilustrativo.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

Outra conclusión que podemos extraer desta estatística, é, que a brecha salarial de sexo, debese en menor medida tanto as diferenzas de salario cas condicións laborais na que desenvolve o seu traballo; é dicir: si o brecha a calculamos sobre o SME (o salario que lle correspondería si traballara todo o ano, e a xornada completa), é do 8,2%; polo que a diferenza ata o 19% (que marca os ingresos

salariais reais), débese as condicións laborais: maior temporalidade, alta rotación no emprego, maior porcentaxe de xornadas parciais..

Para analizar estas, e outras, condicións no emprego, utilizamos os datos que facilita o INE, a través da Enquisa de Poboación activa, EPA en adiante.

Comparar como evolucionaron os indicadores económicos con respecto ao ano 2020 non ten demasiado interese, dada a situación “atípica” que se viviu este ano, onde nunha parte importante do mesmo, a poboación estivo confinada, igual que parada, a actividade económica de moitas empresas ao non estar catalogadas como actividades esenciais.

ERTEs, teletraballo..., dominaron a escena económica. Foi un ano anómalo, polo que calquera comparación co mesmo non é moi rigorosa. Aínda que durante 2021 persistiron certas anomalías (especialmente na hostalería), xa está máis próximo a situación anterior á pandemia. Vamos, polo tanto, facer a comparativa con respecto ao ano 2019, entre outras, para ver si xa está superada, dende o punto de vista económico, a crise provocada pola pandemia.

Comezando polas principais variables

	2019	2020	2021	Variación 2021/19	
				Absoluta	%
<i>Pob, maior de 16 anos</i>	2.335,30	2.339,00	2.340,90	5,60	0,2
<i>Homes</i>	1.116,60	1.118,30	1.120,00	3,40	0,3
<i>Mulleres</i>	1.218,70	1.220,70	1.220,90	2,20	0,2
<i>Activos</i>					
<i>Total</i>	1.241,10	1.220,90	1.228,20	-12,90	-1,0
<i>Homes</i>	643	638,5	639	-4,00	-0,6
<i>Mulleres</i>	598	582,4	589,2	-8,80	-1,5
<i>Poboación ocupada</i>					
<i>Total</i>	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,10	-0,9
<i>Homes</i>	573,9	569	571,3	-2,60	-0,5
<i>Mulleres</i>	521,2	505,3	513,8	-7,40	-1,4
<i>Poboación parada</i>					
<i>Total</i>	145,9	146,7	143,1	-2,80	-1,9
<i>Homes</i>	69,1	69,5	67,7	-1,40	-2,0
<i>Mulleres</i>	76,8	77,2	75,4	-1,40	-1,8
<i>Inactivos</i>					
<i>Total</i>	1.094,20	1.118,10	1.112,70	18,50	1,7
<i>Homes</i>	473,6	479,8	481	7,40	1,6
<i>Mulleres</i>	620,6	638,2	631,7	11,10	1,8

Fonte: INE.EPA.

En Galiza, (ao contrario que na media estatal, onde xa hai máis mulleres ocupadas que no ano 2019), as principais variables, amosan que, para as mulleres, estase lonxe de acadar a situación anterior á pandemia. Comparativamente cos homes estamos costando máis volver a situación anterior, en todas as variables básicas, a variación arroxa peores resultados: maior perda de poboación activa, maior perda de ocupación e igual aumento do paro:

- Estímanse 12.900 persoas en activo menos que fai dou anos, das cales o 68,2% son mulleres.
- Estímanse 10.100 persoas ocupadas menos, das cales o 73,2% son mulleres.
- Estímanse 2.800 persoas paradas máis. Igual homes que mulleres.
- Estímanse 18.500 persoas inactivas máis, das cales o 60% son mulleres.

Analizando máis polo miúdo, comezamos pola poboación activa.

Poboación activa.

A pesar do lixeiro reponte da poboación activa no ano 2021 con respecto a 2020, a taxa de actividade feminina sitúase no 48,3%, 8 décimas menos que no ano 2019. A masculina mantívose durante 2021, co cal se mantén a diferenza de 5 décimas que se xerara o ano anterior, manténdose no 57,1%.

Así, a diferenza entre ambas taxas sitúase en 8,8 puntos porcentuais. Esta evolución freou a tendencia de acercamento entre ambas taxas que se viña producindo este século. No ano 2000 a distancia entre a taxa feminina e a masculina superaba os 20 puntos porcentuais.

Nos últimos anos, onde máis se reduciu a poboación activa feminina foi entre a poboación máis nova.

En todos os grupos de idade, a taxa de actividade dos homes supera ás das mulleres.

Taxas de actividade segundo idade e sexo.

	Total	Homes	Mulleres	
	2021			
<i>Galicia</i>				Diferencia
<i>Total</i>	52,5	57,1	48,3	-8,8
<i>De 16 a 24 anos</i>	24,8	28,8	20,5	-8,3
<i>De 25 a 34 anos</i>	82,2	83,9	80,4	-3,5
<i>De 35 a 44 anos</i>	89,8	93,1	86,4	-6,7
<i>De 45 a 54 anos</i>	84,2	88,5	79,9	-8,6
<i>De 55 e máis anos</i>	24,4	27,8	21,6	-6,2

Fonte: INE.EPA.

En todos os grupos de idade se mantén unha distancia importante entre a ambas taxas.

Entre a poboación máis nova, menores de 24 anos, a diferenza explícase en parte, pola maior presenza de mulleres estudando que de homes, o que baixa a poboación activa feminina en maior medida, e polo tanto a taxa de actividade.

A diferenza menor estímase para a cohorte de entre 25 a 34 anos, aínda así esta acada os 3,5 puntos porcentuais, e o que é máis grave, xa amosa esa menor presenza das mulleres no mundo do traballo nas primeiras etapas.

Preocupa esta diferenza persistente entre a xente máis nova, xa que fai temer que nin o maior nivel formativo que neste intre sustentan as mulleres, é capaz de acabar con estas diferencias.

A medida que aumenta a idade das persoas, tamén a distancia entre as taxas se vai incrementando. Os condicionantes, sobre todo o peso dos coidados case en exclusiva, fai que teñamos que nos ir apartando do mundo laboral en moitos casos, reducindo a taxa de actividade, e polo tanto, incrementándose a distancia con respecto aos homes.

As maiores taxas de actividade acádase entre as mulleres de 35 a 44 anos, entre as que o 86,4% están participando no mercado laboral, ben traballando ou buscando emprego activamente. Tamén no caso dos homes, e neste intervalo de idade, onde se acadan as taxas máis altas de actividade.

Pero unha cousa é estar en activo, e outra ter emprego. A continuación analizamos como evolucionou a poboación ocupada.

Poboación ocupada

Poboación ocupada segundo sexo.

	2019	2020	2021	Variación 2021/19	
				Absoluta	%
<i>Total</i>	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,10	-0,9
<i>Homes</i>	573,9	569	571,3	-2,60	-0,5
<i>Mulleres</i>	521,2	505,3	513,8	-7,40	-1,4

Fonte: INE.EPA.

Fora tan forte a perda de ocupación feminina no ano 2020, que a pesar de incrementar moito máis que a masculina no ano 2021, continúa un 1,4% por debaixo dos valores acadados en 2019. Entre os homes, aínda persisten valores inferiores aos ano 2019, pero neste caso a distancia redúcese a un 0,5%.

Así, con respecto a 2019, o 73,4% do emprego que se perdeu foi entre as mulleres.

Con esta evolución, a poboación ocupada feminina acadou as 513.800 persoas, de media no ano 2021. No caso dos homes son 571.300 os que tiveron un emprego durante 2021.

A perda de ocupación feminina, durante o ano 2020, tivo máis que ver coa necesidade de facer fronte aos cuidados das persoas que quedaron desatendidas a causa do confinamento da poboación e a maior precariedade do emprego, - sobre todo pola temporalidade que fixo máis doada o despedimento- , que as dificultades estritas dos sectores máis feminizados, xa que dentro destes, a maioría foron considerados esenciais.

En conxunto, as mulleres acadamos o 47,4% da poboación ocupada. A nivel de sector, as mulleres só temos maior presenza no sector servizos, onde a taxa de feminización é do 56,5%. A menor presenza é en construción, onde as mulleres tan só representan o 7,6%. Aínda así, ao desagregar por ramas de actividade, hai excepcións a esta regra xeral.

Poboación ocupada por rama de actividade e sexo.

	<i>Homes</i>		<i>Mulleres</i>		<i>Variación</i>		<i>Taxa de feminización</i>
	2019	2021	2019	2021	Homes	Mulleres	
<i>Total</i>	573,9	571,3	521,2	513,8	-2,6	-7,4	47,4
<i>Agricultura, pesca</i>	41,9	44,6	24,9	22,8	2,7	-2,1	33,9
<i>Agricultura</i>	28,1	28,8	21,9	18,2	0,7	-3,7	38,6
<i>Pesca</i>	13,8	15,7	3	4,5	1,9	1,5	22,2
<i>Industria</i>	128,8	122,6	50,6	48,1	-6,2	-2,5	28,2
<i>Ind extractivas</i>	4,2	3,8	0,3	0,3	-0,4	0	7,3
<i>Ind manufact.</i>	115,6	110,2	49,3	45,1	-5,4	-4,2	29,0
<i>Ind alimentación</i>	22,7	21	19,1	20	-1,7	0,9	48,8
<i>Ind téxtil</i>	3,6	2,1	8,8	5,5	-1,5	-3,3	73,3
<i>Ind da madeira</i>	14,2	12,4	2,9	2,6	-1,8	-0,3	17,3
<i>Metal e electr</i>	27,7	27,3	4,7	2,9	-0,4	-1,8	9,6
<i>Mat de transporte</i>	31,5	31,7	7,6	6,6	0,2	-1	17,3
<i>Resto da ind</i>	15,8	15,7	6,1	7,5	-0,1	1,4	32,3
<i>Enerxía e auga</i>	9,1	8,6	1,1	2,7	-0,5	1,6	23,9
<i>Construción</i>	64,9	67,2	5,2	5,5	2,3	0,3	7,6
<i>Construción</i>	64,9	67,2	5,2	5,5	2,3	0,3	7,6
<i>Servizos</i>	338,4	337	440,6	437,3	-1,4	-3,3	56,5
<i>Comercio</i>	83,7	82	86,8	86,9	-1,7	0,1	51,4
<i>Transporte</i>	36,3	42,9	11,6	9,4	6,6	-2,2	18,0
<i>Hostalaría</i>	34,2	24,9	47,7	39,1	-9,3	-8,6	61,1
<i>Act financeiras</i>	78,4	81,3	74	76,9	2,9	2,9	48,6
<i>Ad pública</i>	38,8	40	31,1	31,3	1,2	0,2	44,0
<i>Educación</i>	24,1	21,7	45,3	50,1	-2,4	4,8	69,8
<i>Act sanitarias e ser sociais</i>	20,2	23,9	85,1	85,4	3,7	0,3	78,1
<i>Resto servizos</i>	22,8	20,3	59,1	58,3	-2,5	-0,8	74,2

Fonte: INE.EPA.

En xeral, as mulleres perderon máis emprego no sector servizos e os homes no industrial.

No sector industrial as mulleres tan so representamos o 28,2%,. Na industria extractiva as mulleres apenas teñen presenza (7,3%), sen embargo dentro da industria manufactureira, hai ramas como a “industria téxtil” que ten unha taxa de feminización moi alta, xa que o 73,3% das persoas que traballan no mesmo, son mulleres; nesta rama, a crise notouse especialmente, estímase que hai 3.300 mulleres ocupadas menos que no ano 2019 . En conxunto no sector industrial perdéronse 2.500 postos de traballo feminino.

En conxunto, no sector servizos descendeu a ocupación entre as mulleres en 3.300 persoas (entre os homes 1.400 menos), pero con importantes diferencias segundo a rama de actividade. “Hostalaría”, foi a actividade económica máis prexudicada pola pandemia, como durante 2021 aínda se produciron restricións a actividade na mesma, é a que rexistra os peores resultados, comparativos, con respecto a 2019, ante da pandemia. Mantense un nivel de emprego moi inferior, tanto para as mulleres (8.600 ocupadas menos), como para os homes (9.300 ocupados menos); o resto das actividade foron capaces de compensar, en parte esta desfeita, en maior media entre os homes que entre as mulleres.

Entre as mulleres, foi especialmente o medre da ocupación en “educación”, o que compensou, en parte, esta caída. Entre os homes, o incremento da ocupación no “transporte”.

A taxa de feminización máis alta estímase en “actividade sanitarias e servizos sociais”, onde o 78,1% son mulleres. Tamén é importante destacar “educación”, onde as mulleres representan o 69,8% do total.

Esta evolución sectorial, repercute na distribución por categorías profesionais.

Poboación ocupada por categorías profesionais.

	Homes		Mulleres		Variación 2021/19	
	2019	2021	2019	2021	Homes	Mulleres
<i>Total</i>	573,9	571,3	521,2	513,8	-2,6	-7,4
<i>Empresario/a con asalariados/as</i>	40,1	42,4	25,6	26	2,3	0,4
<i>Traballador/a independente ou empresario/a sen asalariados/as</i>	85,4	77,6	58,2	55,4	-7,8	-2,8
<i>Membro dunha cooperativa</i>	0,8	0,8	1	0,6	0	-0,4
<i>Axuda na empresa ou negocio familiar</i>	2,5	2,8	3	2,7	0,3	-0,3
<i>Asalariado/a do sector público</i>	75,3	81,2	112,1	118,1	5,9	6
<i>Asalariado/a do sector privado</i>	369,6	366,5	321,3	310,6	-3,1	-10,7
<i>Outra situación</i>	0,2	0,2	—	0,3		

Fonte: INE.EPA.

Produciuse unha forte caída das mulleres asalariadas no sector privado (10.700 menos), que foi tan só compensada en parte polo incremento das asalariadas no sector público, onde se estiman 6.000 mulleres traballando máis.

Entre os homes, aínda que tamén descendeu o número de asalariados no sector privado, esta caída foi moi inferior á das mulleres e compensouse co medre no sector público. No caso dos homes, o maior retroceso estímase entre os empresarios sen asalariados, os coñecidos como autónomos.

Esta sendo, polo tanto, o incremento do emprego no sector público, o que fai que a destrución de emprego non acade valores máis elevados.

Pero este novo emprego, amosa unhas condicións laborais tan precarias como as do sector privado, son persoas contratadas, na meirande parte dos casos, para facer fronte as necesidades xeradas pola pandemia. As necesidades en sanidade, educación, servizos sociais, SEPE... obrigaron as distintas administracións a contratar persoal, e loxicamente, isto reflíctese nas estatísticas, pero tamén se reflicte as condicións destas novas persoas asalariadas.

Comezamos polo tipo de contrato, en principio, sen diferenciar entre privado e público.

Poboación asalariada segundo tipo de contrato e sexo.

	2019	2020	2021	Variación 2021/19	
				absoluta	%
Total	878,3	868,6	876,4	-1,9	-0,2
Homes	444,9	446,8	447,7	2,8	0,6
Mulleres	433,4	421,8	428,7	-4,7	-1,1
De duración indefinida					
Total	645,8	659,9	661,8	16	2,5
Homes	333,1	347,7	348,2	15,1	4,5
Mulleres	312,8	312,1	313,6	0,8	0,3
Temporal					
Total	232,5	208,7	214,6	-17,9	-7,7
Homes	111,8	99,1	99,5	-12,3	-11,0
Mulleres	120,7	109,6	115,1	-5,6	-4,6
<i>Taxa de temporalidade homes</i>	25,1	22,2	22,2		
<i>Taxa de temporalidade mulleres</i>	27,8	26,0	26,8		
<i>Taxa de temporalidade</i>	26,5	24,0	24,5		

Fonte: INE.EPA.

Globalmente, reduciuse a poboación asalariada en 1.900 persoas desde o ano 2019, redución que tan só afectou as mulleres (estímanse 4.700 mulleres menos que no ano 2019), xa que entre os homes hai 2.800 máis. O agravio aínda é maior ao analizar a evolución por tipo de contrato: si ben se reduciu, en xeral, a poboación asalariada con contrato temporal – en parte, debido a non renovación de contratos para facer fronte as restricións impostas pola pandemia-, esta redución, que afectou máis aos homes, foi compensada por un incremento dos contratos indefinido entre eles. No caso das muller, aínda que a

redución foi menor, esta, non se compensou cun medre da contratación indefinida, xa que esta última apenas se incrementou.

Así, mentres a taxa de temporalidade xeral alcanza ao 24,5% da poboación asalariada(dous puntos menos que no ano 2019). A taxa de temporalidade entre as mulleres tan só se reduciu 1 punto, situándose no 26,8%, mentres entre os homes a redución foi de 3 puntos porcentuais, acadando o 22,2% en 2021.

A diferenza entre ambas taxas que era de 2,7 puntos en 2019, acadou os 4,6 en 2021.

Mais grave é aínda no sector público.

Poboación asalariada no sector público por tipo de contrato.

Sector público		2019	2020	2021	Variación 2021/19	
					absoluta	%
	<i>Total</i>					
	Total	187,4	195,2	199,3	11,9	6,4
	<i>Homes</i>	75,3	81,4	81,2	5,9	7,8
	<i>Mulleres</i>	112,1	113,8	118,1	6	5,4
	De duración indefinida					
	<i>Total</i>	139,5	142	141,1	1,6	1,1
	<i>Homes</i>	61,9	64,4	62,6	0,7	1,1
	<i>Mulleres</i>	77,6	77,5	78,5	0,9	1,2
	Temporal					
	<i>Total</i>	47,9	53,2	58,2	10,3	21,5
	<i>Homes</i>	13,4	16,9	18,6	5,2	38,8
	<i>Mulleres</i>	34,5	36,3	39,6	5,1	14,8
	<i>Taxa de temporalidade homes</i>	17,8	20,8	22,9		
	<i>Taxa de temporalidade mulleres</i>	30,8	31,9	33,5		
	<i>Taxa de temporalidade</i>	25,6	27,3	29,2		

Fonte: INE.EPA.

Como dixemos anteriormente, foi o medre da poboación asalariada no sector público o que sostivo, en parte, a ocupación entre as mulleres, e impediu unha gran debacle neste sentido.

O peso da ocupación feminina no sector público é moi importante, tanto polo peso que teñen no propio sector (preto do 60% do total son mulleres); como entre a ocupación feminina: o 27,5% das mulleres asalariadas traballan na administración pública (os homes , o 18%).

A pandemia, evidenciou o que a sociedade viña denunciando desde fai anos: o deterioro dunha parte importante dos servizos público, especialmente dos

sociais. Ante a mesma, as distintas administración víronse obrigadas a contratar persoal para facer fronte a situación; pero, como algo transitorio, é dicir, non se asumiu que había un problema estrutural que había que resolver, senón como algo conxuntural provocado pola pandemia, o que se resolveu cunha contratación temporal dun número importante de persoas. De feito hai 10.300 persoas con contrato temporal máis e 1.600 con contrato indefinido.

Así, a temporalidade disparouse, a xeral pasou do 25,6% ao 29,2%, pero entre as mulleres acada ao 33,5%. os homes, o 22,9%, 10,6 puntos de diferenza.

En xeral, esta alta temporalidade das mulleres asalariadas, ven acompañada dunha escasa duración dos contratos, o que agrava aínda máis a precaria situación laboral das mesmas.

Contratos subscritos por mulleres no ano 2021.

		<i>Mulleres</i>	
	<i>Total</i>	421.968	
	<i>Indefinidos</i>	22.009	% temporais
	<i>Temporais</i>	399.959	100
	<i>Menos de 1 semana</i>	113.160	28,3
	<i>De 1 semana a 1 mes</i>	58.869	14,7
	<i>De 1 a 6 meses</i>	85.076	21,3
	<i>De 6 meses a 1 ano</i>	11.563	2,9
	<i>Máis de 1 ano</i>	900	0,2
	<i>Indeterminado</i>	130.391	32,6

Fonte: SEPE:

As mulleres con contrato temporal, presentan unha alta rotación no mercado de traballo. No ano 2021 asináronse 421.968 novos contrato a nome de mulleres, onde os de carácter indefinido apenas acadan o 5%. Entre os temporais abunda os de escasa duración, preto do 30% tiveron unha duración inferior a semana, si collemos os de duración inferior aos mes, estamos no 43% do total asinados. Isto, sen ter en conta que o 32,6% do total son de duración indeterminada, si excluimos estes, estaríamos en torno ao 60% os de duración inferior ao mes.

O 43% dos contratos subscritos por mulleres, tiveron unha duración inferior ao mes.

En conxunto, 115.100 mulleres con contrato temporal repartíronse 399.959 contratos, o que da unha media de 3,5 contratos por muller.

Segundo o tipo de xornada, como a maioría dos empregos que perderon as mulleres neste período foi na hostalaría; e, esta actividade caracterízase pola elevada parcialidade das xornadas, globalmente reducíronse os traballos a tempo parcial entre as mesmas.

Poboación asalariada por tipo de xornada e sexo.

	2019	2020	2021	<i>Variación 2021/19</i>	
				absoluta	%
<i>Total</i>					
<i>Total</i>					
Total	1.095,20	1.074,20	1.085,10	-10,1	-0,9
<i>Completa</i>	939,5	932,7	938,7	-0,8	-0,1
<i>Parcial</i>	155,6	141,5	146,3	-9,3	-6,0
Homes					
<i>Total</i>	573,9	569	571,3	-2,6	-0,5
<i>Completa</i>	535,3	536,4	537,1	1,8	0,3
<i>Parcial</i>	38,6	32,6	34,2	-4,4	-11,4
Mulleres					
<i>Total</i>	521,2	505,3	513,8	-7,4	-1,4
<i>Completa</i>	404,2	396,3	401,7	-2,5	-0,6
<i>Parcial</i>	117	108,9	112,1	-4,9	-4,2
<i>% xornada parcial total</i>	14,2	13,2	13,5		
<i>% xornada parcial homes</i>	6,7	5,7	6,0		
<i>% xornada parcial mulleres</i>	22,4	21,6	21,8		

Fonte: INE.EPA.

En xeral, a xornada parcial afecta ao 13,5% da poboación asalariada galega, porcentaxe moi superior entre as mulleres, 21,8%, que entre os homes, aos que tan so afecta ao 6%.

Con respecto a 2019, reduciuse a porcentaxe de persoas con este tipo de xornada 7 décimas, entre as mulleres 6 décimas. A menor redución entre a poboación feminina débese a que entre as mulleres tamén minguou o traballo asalariado a xornada completa, mentres que entre os homes incrementouse. Así, no ano 2019 as mulleres subscribían o 75,2% dos traballos a xornada parcial, no ano 2021 o 76,7%, 1,45 puntos máis. Tamén neste caso se agudiza o nesgo de xénero.

Poboación ocupada a tempo parcial por motivo da xornada parcial e sexo

2021

	Homes	Mulleres	% homes	\$ Mulleres
<i>Total</i>	34,2	112,1	100	100
<i>Seguir cursos de ensinanza ou formación</i>	3,8	3,3	11,1	2,9
<i>Enfermidade ou incapacidade propia</i>	1,2	1,7	3,5	1,5
<i>Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores</i>	1,4	22,1	4,1	19,7
<i>Outras obrigacións familiares ou persoais</i>	1,8	6,8	5,3	6,1
<i>Non poder atopar un traballo de xornada completa</i>	18,6	57,4	54,4	51,2
<i>Non querer un traballo de xornada completa</i>	2,1	10,1	6,1	9,0
<i>Outras razóns</i>	5,3	10,3	15,5	9,2
<i>Non sabe o motivo</i>	0,1	0,4	0,3	0,4

Fonte: INE.EPA.

Non atopar un traballo de xornada completa é o motivo que alegan a maioría tanto de mulleres como de homes para o uso desta xornada. O segundo motivo xa varia substancialmente en función do sexo:

Para as mulleres, preto do 20% é o coidado de dependentes o motivo que alegan para este tipo de xornada, tan só o 4% dos homes alegan este motivo. O 11,1% dos homes alegan compatibilizar coa formación, mentres que só o 2,9% das mulleres alegan este motivo.

O teletraballo ou traballo desde o domicilio particular, que irrompera con forza no segundo trimestre do ano 2020 como consecuencia do confinamento da poboación, nalgúns casos incluso se incrementou o uso do mesmo durante 2021.

Poboación ocupada segundo a frecuencia que traballou desde o seu domicilio.

	2020/II	2020/III	2020/IV	2021/I	2021/II	2021/III	2021/IV
Total							
<i>Total</i>	1.050,40	1.082,60	1.080,90	1.059,80	1.076,70	1.112,50	1.091,30
<i>Homes</i>	552,8	576,9	571,4	558,1	565,1	587,1	574,9
<i>Mulleres</i>	497,6	505,7	509,5	501,6	511,7	525,4	516,4
Ocasionalmente							
<i>Total</i>	35,5	54	59	64,2	69,1	59,7	75
<i>Homes</i>	21,3	27,5	30,1	33,8	39	31,4	39,6
<i>Mulleres</i>	14,3	26,4	29	30,4	30,1	28,3	35,4
Máis da metade dos días que traballou							
<i>Total</i>	145	85,3	70,3	81,4	79,2	70,5	68,2
<i>Homes</i>	66,1	43,3	35,2	42	41,7	37,8	34,4
<i>Mulleres</i>	78,8	42	35,1	39,3	37,4	32,6	33,9
Ningún día							
<i>Total</i>	855,8	936,3	943,8	908,2	921,5	977,7	943,6
<i>Homes</i>	457,4	502,7	502,8	479,9	480,9	515,7	498,5
<i>Mulleres</i>	398,4	433,7	441	428,3	440,6	462	445,1
Non sabe							
<i>Total</i>	14,1	7	7,8	6	7	4,6	4,5
<i>Homes</i>	8	3,4	3,3	2,4	3,4	2,2	2,5
<i>Mulleres</i>	6,1	3,6	4,5	3,7	3,6	2,4	2

Fonte: INE.EPA.

Si ben é certo que a meirande parte da poboación asalariada non fixo uso deste tipo de traballo durante 2021, tamén é certo que non descendeu tanto como sería de esperar si fora algo conxuntural, de feito entre as que o usaron ocasionalmente aumentou con respecto ao ano 2020.

Entre as que o usaron máis da metade dos días traballadores descendeu con respecto ao segundo trimestre do ano 2020 (período do confinamento), se comparamos o cuarto trimestre de cada ano, o descenso apenas é significativo en 2021.

Podemos concluír, polo tanto que esta nova forma de traballar veu para quedarse. Sería importante saber si é voluntaria ou non.

Aínda que non é a forma máis habitual de traballar, a finais de 2021, o 12,8% dos homes e o 13,4% das mulleres estaban teletraballando.

Ingresos salariais.

Os datos de ingresos, ao proceder da Axencia tributaria, extraídos da declaración do IRPF, correspóndese ao ano 2020. Ao ser datos reais, e tratarse de ingresos brutos, teñen o valor de indicarnos con total precisión, cal é a situación económica da poboación asalariada, polo tanto consideramos importante incluílos neste informe, aínda que sempre sexa cun ano de retraso respecto ao resto dos indicadores que se inclúen.

Trátase de ingresos por salario ao longo do ano, independentemente do tempo traballado. Quer isto dicir, que non se teñen en conta os días traballados. Calcúlase, dividindo as masas declaradas de rendementos do traballo entre o número de perceptores, sen ter en conta o tempo efectivo de traballo. Este feito produce un nesgo á baixa do que se coñece como salario medio en comparación con outras fontes cuxo denominador é número medio anual de persoas traballadoras. Tampouco é correcto utilizar este dato en termos de salario medio anual (SMA), senón como **ingreso medio por salario**, aínda que a propia axencia, nas estatísticas o denomina salario medio. Convén lembrar asemade que se trata de salarios brutos.

Este ano de análise, 2020, a crise sanitaria provocada pola Covid alterou notablemente o mercado de traballo. Nos distintos estados de alarma decretados polo goberno, establecéronse medidas para garantir certos ingresos ás persoas que viron suspendida a súa actividade económica, os coñecidos como ERTes. Isto ten un efecto directo nesta estatística, xa que unha parte importante de traballadores/as – concretamente 196.619 en Galiza-, durante unha parte do ano deixaron de ter ingresos por salarios e pasaron a telos por prestacións, o cal afecta aos ingresos medios anuais que baixan, e pola contra medran os ingresos por prestacións. É polo tanto un ano “atípico” tamén para esta estatística.

Os efectos desta situación foi desigual segundo o sexo. As mulleres, ao ser maioría nas actividades consideradas esenciais, víronse en menor medida afectadas por ERTes (do tal o 48% foron mulleres). Asemade, tamén o incremento das perceptoras de prestacións por desemprego, aumentaron en menor medida que os homes, un 78,7% fronte a un 94,6% no caso dos homes; xunto a outros factores, que logo analizaremos, levou a que globalmente, os ingresos medios as mulleres aumentaran un 1,2%, mentres os dos homes baixaron un 0,7%.

Esta evolución, fixo que mellorara levemente a brecha salarial de xénero neste ano 2020.

Ingresos salariais segundo sexo.

Ambos sexos **Homes** **Mulleres** **Fenda salarial de xénero** **Diferenza en termos absolutos**

<i>Galicia</i>					
2009	18.217	20.271	15.594	23,1	-4.677
2010	18.314	20.408	15.704	23,0	-4.704
2011	18.271	20.393	15.688	23,1	-4.705
2012	17.737	19.865	15.227	23,3	-4.638
2013	17.770	19.820	15.383	22,4	-4.437
2014	17.729	19.746	15.414	21,9	-4.332
2015	17.839	19.899	15.501	22,1	-4.398
2016	18.114	20.243	15.730	22,3	-4.513
2017	18.463	20.554	16.123	21,6	-4.431
2018	19.159	21.327	16.755	21,4	-4.572
2019	19.879	22.038	17.511	20,5	-4.527
2020	19.900	21.887	17.720	19,0	-4.167

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

De media, no ano 2020 a fenda salarial de xénero situouse no 19%, 1,5 puntos porcentuais menos que no ano 2019.

O incremento medio dos ingresos salariais das mulleres dun 1,2%, ata os 17.720 euros brutos anuais, fronte ao descenso medio dun 0,7% dos ingresos dos homes (acadando os 21.887 Euros brutos anuais), permitiu este acercamento. En termos absolutos a diferenza de ingresos está en 4.167 euros brutos anuais.

Este amortecemento das diferenzas débese tomar con certas “precaucións”; polo ano atípico do que estamos falando. Os ERTEs, permitiron a determinadas persoas traballadoras, especialmente as situadas nos tramos de menores ingresos, ver incrementados os seus ingresos, xa que unha das condicións de acollerse a un ERTE era certa estabilidade futura do posto de traballo. Como as mulleres son maioría nos tramos inferiores da táboa salarial, este feito pode ter unha repercusión directa na redución desta brecha, e polo tanto, ser meramente conxuntural.

Tamén, como veremos máis adiante (cando analicemos os datos da EPA), o incremento, en maior medida, da ocupación das mulleres en actividades cun importante peso do sector público (sanidade, educación..), cos SMA femininos máis elevados de todas as ramas de actividade e menor fenda salarial, contribuíu a minar estas diferenzas.


Pero, a maioría dos contratos feitos a estas mulleres, foron temporais, contratos feitos ante as necesidades que impuxo a pandemia: reforzo en sanidade, educación, servizos sociais, SEPE... polo que a medida que esta vai desaparecendo ou rebaixándose os protocolos de prevención, vaise producir

unha redución deste postos traballo, co que previsiblemente, a curto prazo, a fenda salarial volvera a medrar.

A pesar desta redución da fenda, as diferenzas de ingresos cos homes son notables.

Distribución da poboación asalariada por tramos de ingresos e sexo.

<i>Total tramos de salario</i>	<i>% sobre intervalo de ingreso</i>		<i>% sobre total</i>	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
<i>Total tramos de salario</i>	52,3	47,7	100,0	100,0
<i>De 0 a 0,5 SMI</i>	44,1	55,9	16,8	23,3
<i>De 0,5 a 1 SMI</i>	42,4	57,6	15,7	23,4
<i>De 1 a 1,5 SMI</i>	56,6	43,4	24,6	20,6
<i>De 1,5 a 2 SMI</i>	60,7	39,3	16,9	12,0
<i>De 2 a 2,5 SMI</i>	57,6	42,4	8,3	6,7
<i>De 2,5 a 3 SMI</i>	55,1	44,9	6,6	5,9
<i>De 3 a 3,5 SMI</i>	54,6	45,4	4,0	3,6
<i>De 3,5 a 4 SMI</i>	60,6	39,4	2,3	1,6
<i>De 4 a 4,5 SMI</i>	65,6	34,4	1,4	0,8
<i>De 4,5 a 5 SMI</i>	62,4	37,6	0,9	0,6
<i>De 5 a 7,5 SMI</i>	64,8	35,2	1,9	1,1
<i>De 7,5 a 10 SMI</i>	76,4	23,6	0,4	0,1
<i>Máis de 10 SMI</i>	82,4	17,6	0,3	0,1



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

O leve acercamento nas diferenzas salariais, non modifica globalmente, a situación económica das mulleres en Galiza; estas, continúan sendo maioría nos intervalos de menores ingresos, e ademais concéntranse maioritariamente nestes intervalos.

En conxunto, as mulleres representaron o 47,7% do total da poboación asalariada que declarou ingresos a Facenda no ano 2020; sen embargo, nos dous tramos de ingresos inferiores aos SMI (Salario Mínimo Interprofesional), o peso das mulleres é moi superior a esta porcentaxe, e polo tanto moito maior que o dos homes.

Concretamente ata ingresos iguais ou superiores ao SMI, o peso das mulleres é maior do 55%; a partir deste intervalo, o peso das mulleres vai descendendo a favor dos homes, ata o tramo de maiores ingresos, onde as mulleres tan só representan o 17,6% (no ano anterior eran o 18,2%).

Entre as persoas que non acadaron o SMI, a presenza das mulleres é 15 puntos porcentuais superior á dos homes; a partir deste nivel de ingresos comeza a distancia a favor dos homes, incrementándose a medida que medra o nivel de ingresos. No último tramo, esta diferenza é de 64,8 puntos porcentuais.

O gráfico é moi ilustrativo, permite ver con moita precisión o peso por sexos en cada intervalo de ingresos. Persiste esa “tesoira aberta”, co punto de cruce moi próximo ao inicio da distribución, concretamente entre o segundo e terceiro intervalo; a partir de aquí a abertura vai marcando o maior peso dos homes a costa das mulleres.

Esta sobre representación das mulleres no tramo de menores ingresos leva a que o 46,7% das mesmas, obtiveran uns ingresos inferiores ao SMI. no ano 2019 foran o 41,5%. No caso dos homes, os que ingresan menos do SMI son o 32,5% do total.

Esta situación débese a que tan so aumentaron as mulleres asalariadas nos grupos de menores ingresos.

Evolución das asalariadas por tramos de ingresos.

	<i>Asalariadas</i>			<i>SMA</i>
	2019	2020	Variación	2020
<i>Total tramos de salario</i>	503.718	488.113	-3,1	17.720
<i>De 0 a 0,5 SMI</i>	104.569	113.805	8,8	2.992
<i>De 0,5 a 1 SMI</i>	104.656	114.405	9,3	10.079
<i>De 1 a 1,5 SMI</i>	123.046	100.643	-18,2	16.259
<i>De 1,5 a 2 SMI</i>	65.258	58.387	-10,5	22.949
<i>De 2 a 2,5 SMI</i>	34.636	32.886	-5,1	29.854

<i>De 2,5 a 3 SMI</i>	28.894	28.829	-0,2	36.244
<i>De 3 a 3,5 SMI</i>	18.324	17.650	-3,7	42.979
<i>De 3,5 a 4 SMI</i>	9.579	7.927	-17,2	49.271
<i>De 4 a 4,5 SMI</i>	4.424	4.046	-8,5	56.382
<i>De 4,5 a 5 SMI</i>	3.188	3.029	-5,0	62.832
<i>De 5 a 7,5 SMI</i>	6.041	5.575	-7,7	77.556
<i>De 7,5 a 10 SMI</i>	710	606	-14,6	111.223
<i>Máis de 10 SMI</i>	393	325	-17,3	262.347

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

No último ano, onde o emprego asalariado feminino descendeu un 3% (caída semellante á rexistrada entre os homes), a evolución foi moi desigual segundo o tramo de ingresos onde se sitúa as mulleres.

Tan só aumentou o número de mulleres asalariadas nos dous tramos de menores ingresos, ingresos inferiores ao SMI, un 8,8 e o 9,3% respectivamente; a partir de aquí en todos os tramos de ingresos hai menos mulleres que no ano 2019; nalgúns tramos, as caídas son importantes, especialmente entre as de maiores ingresos onde a caída é superior ao 17%.

Con esta evolución, no ano 2020 houbo 113.805 mulleres con ingresos anuais inferiores a 3.000 euros, concretamente 2.992 euros brutos anuais, este colectivo, que medrou un 8,8% con respecto ao ano 2019, converteuse no segundo máis numeroso; o primeiro é o de ingresos entre a metade e o SMI, mulleres con ingresos entre 3.000 e 10.079 euros brutos ao ano.

Tan só o 0,1% das mulleres con ingresos procedentes de salarios, superaron 10 veces o SMI no ano 2020.

O SMA das mulleres foi de 17.720 euros anuais, cantidade que só superaron o 32,7% das mulleres.

É dicir, non só hai enormes diferenzas entre os ingresos de homes e de mulleres, senón entre as propias mulleres. É tal a dispersión existente entre elas que, como dixen antes, apenas o 33% superan os ingresos medios das propias mulleres.

Os factores que explican estas diferenzas son múltiples e variados: rama de actividade na que traballan, tipo de contrato, tipo de xornada...diferenzas, que nin a idade parece mitigar, xa que entre as cohortes de menor idade, a distancia salarial é notable.

Persoas asalariadas e SMA segundo sexo e idade.

Homes

Mulleres

	Asalariados	SMA	Asalariadas	SMA	Fenda salarial
<i>Total idade</i>	535.629	21.887	488.113	17.720	19,0
<i>Menor de 18 anos</i>	893	2.523	583	1.765	30,0
<i>De 18 a 25 anos</i>	39.426	8.068	33.663	6.073	24,7
<i>De 26 a 35 anos</i>	100.831	16.342	96.463	14.297	12,5
<i>De 36 a 45 anos</i>	154.257	22.320	146.054	18.079	19,0
<i>De 46 a 55 anos</i>	145.202	25.820	131.597	20.308	21,3
<i>De 56 a 65 anos</i>	88.292	27.084	74.884	22.407	17,3
<i>Maior de 65 anos</i>	6.728	25.536	4.869	15.105	40,8

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

En ningún grupo de idade a fenda desaparece. Os valores máis baixos acádanse entre os 26 e os 35 anos, pero aínda así sitúase no 12,5% para este grupo de idade. Si é certo, que esta idade se corresponde co fin de etapa educativa superior onde o peso das mulleres é máis elevado, e polo tanto pode ser o motivo fundamental desta menor fenda, aínda así a fenda é excesivamente elevada e persistente no tempo.

Entre a xente máis nova a fenda é do 30%.

A medida que aumenta a idade das persoas medran os ingresos. Entre as mulleres, ata máis alá dos 45 anos non se acadan os ingresos medios galegos (19.900 para o ano 2020), no caso dos homes esta cuantía acádase 10 anos antes.

A rama de actividade onde as persoas desenvolven o seu traballo, marca importantes diferenzas de ingresos.

Poboación asalariada, SMA e taxa de feminización por ramas de actividade.

Galicia	<i>Home</i>		<i>Muller</i>		Taxa de feminización	Fenda de xénero
	Asal	SMA	Asal	SMA		
<i>Total sectores</i>	535.629	21.887	488.113	17.720	47,7	19,0
<i>Agricultura e pesca</i>	20.115	16.387	5.309	12.708	20,9	22,5
<i>Industria extractiva</i>	8.663	30.529	1.997	23.416	18,7	23,3
<i>Industria</i>	91.313	23.662	40.868	17.865	30,9	24,5
<i>Construción e actividades inmobiliarias</i>	65.901	19.177	12.226	17.200	15,6	10,3
<i>Comercio</i>	126.493	20.658	101.395	15.195	44,5	26,4
<i>Información e comunicacións</i>	14.157	28.148	7.919	21.521	35,9	23,5
<i>Entidades financeiras e aseguradoras</i>	9.252	39.970	10.400	29.478	52,9	26,2
<i>Servizos ás empresas</i>	60.860	18.286	72.748	13.339	54,4	27,1
<i>Servizos sociais</i>	93.085	29.367	170.736	24.279	64,7	17,3
<i>Outros servizos persoais e de ocio</i>	45.970	10.414	65.514	7.142	58,8	31,4

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

Hai unha relación clara: a maior taxa de feminización, maior fenda de xénero.

Tan so as persoas traballadores de “servizos sociais”(cunha taxa de feminización do 64,7% e unha fenda do 17,3%), rompen a máxima anterior, no resto das actividades conviven altas taxas de feminización con elevadas fendas salariais. A excepción desta desta rama de actividade, ten que ver coa forte presenza de persoas do sector público dentro da mesma, xa que engloba actividades como sanidade e educación, onde a presenza do sector público é elevada, e as desigualdades salariais menores, polo elevado peso de persoal funcionario. E a rama cos maiores salarios entre as mulleres traballadoras.

Nesta rama. Foi practicamente na única onde medrou o persoal asalariado feminino durante este ano, polo que tamén contribuíu a mitigar as diferenzas cos homes. Preto do 35% das mulleres traballadoras traballan en algunha das actividades englobadas nesta rama. A forte presenza de mulleres, xunto a uns ingresos superiores á media , fan que a fenda de xénero se sitúe máis baixa; xa que no resto das actividades, está por encima do 20%, salvo en construción onde a presenza da mulleres é practicamente testemuñal.


A rama “ outros servizos persoais e de ocio” é a que rexistra os ingresos máis baixos. Cunha taxa de feminización do 59%, a fenda de xénero é do 31,4%, a máis alta de todas. Os ingreso nesta rama de actividade apenas superan a metade do SMI. Foi unha rama moi afectada pola pandemia, de feito foi onde máis descendeu o emprego .

Son moitos os factores que inflúen nesta fenda salarial. A rama onde se desenvolve a actividade, é sen dúbida un deles, pero as condicións laborais: tipo de xornada, duración do contrato...son determinantes.

Este ano, a Axencia tributaria sacou un módulo, módulo salarial, no cal, cruzando datos da axencia tributaria cos da SS, estimou un salario equivalente a tempo completo. O SME (salario Medio estimado) sería, pois o equivalente a traballar os 12 meses do ano a xornada completa.

Asemade, divide a poboación asalariada en decis (10 partes iguais), e distribuída por sexo. A conclusión é clara: o peso das mulleres é superior aos dos homes, nos dou primeiros deciles (de menores Ingresos); a partir de aquí o presenza das mulleres vai perdendo peso.

O gráfico é ilustrativo.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria: mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias.

Outra conclusión que podemos extraer desta estatística, é, que a brecha salarial de sexo, debese en menor medida tanto as diferenzas de salario cas condicións laborais na que desenvolve o seu traballo; é dicir: si o brecha a calculamos sobre o SME (o salario que lle correspondería si traballara todo o ano, e a xornada completa), é do 8,2%; polo que a diferenza ata o 19% (que marca os ingresos salariais reais), débese as condicións laborais: maior temporalidade, alta rotación no emprego, maior porcentaxe de xornadas parciais..

Poboación parada

Como dixemos ao principio deste informe, as persoas paradas descendieron en Galiza con respecto ao ano 2019. Descenso que se explica polo aumento da poboación inactiva e non polo medre da ocupación como sería desexable. En calquera caso os datos son os que seguen.

Poboación parada segundo sexo.

	2019	2020	2021	<i>Variación</i> <i>2021/19</i>	
	Total	Total	Total	absoluta	%
<i>Total</i>	145,9	146,7	143,1	-2,8	-1,9
<i>Homes</i>	69,1	69,5	67,7	-1,4	-2,0
<i>Mulleres</i>	76,8	77,2	75,4	-1,4	-1,8

Fonte: INE.EPA

Aínda que en termos absolutos, o descenso do paro afectou igual as mulleres que aos homes, en termos relativos, foi maior entre os homes. Con esta evolución, en 2021, o número de mulleres paradas acada as 75.400 (67.700 homes), o 52,6% das persoas estimadas como paradas en 2021 son mulleres.

Así, as taxas de paro quedan como segue:

Taxa de paro segundo sexo

	2019	2020	2021
	Galicia		
<i>Total</i>	11,8	12	11,7
<i>Homes</i>	10,7	10,9	10,6
<i>Mulleres</i>	12,8	13,2	12,8

Fonte: INE.EPA.

Practicamente se acadaron as taxas de paro do ano 2019, situándose a taxa global no 11,7% da poboación activa, 10,6% a taxa masculina e 12,8% a feminina.

Poboación inactiva

Poboación inactiva por clase principal de inactividade e sexo

	2019	2020	2021	Variación 2021/19	
				absoluta	%
Total					
<i>Total</i>	1.094,20	1.118,10	1.112,70	18,5	1,7
<i>Homes</i>	473,6	479,8	481	7,4	1,6
<i>Mulleres</i>	620,6	638,2	631,7	11,1	1,8
Estudiante					
<i>Total</i>	152,8	164,1	183,6	30,8	20,2
<i>Homes</i>	72,5	78,6	87,2	14,7	20,3
<i>Mulleres</i>	80,3	85,5	96,4	16,1	20,0
Xubilado/a					
<i>Total</i>	521,1	523,3	532,2	11,1	2,1
<i>Homes</i>	298,2	297,3	297,1	-1,1	-0,4
<i>Mulleres</i>	222,9	226	235	12,1	5,4
Labores da casa					
<i>Total</i>	197,8	211,9	178,7	-19,1	-9,7
<i>Homes</i>	28,1	32	24,4	-3,7	-13,2
<i>Mulleres</i>	169,7	179,9	154,3	-15,4	-9,1
Incapacitado permanente					
<i>Total</i>	90,8	86,2	79,4	-11,4	-12,6
<i>Homes</i>	49,6	46,7	43,8	-5,8	-11,7
<i>Mulleres</i>	41,3	39,5	35,6	-5,7	-13,8
Percibindo unha pensión distinta da xubilación					
<i>Total</i>	111,1	110,3	117,4	6,3	5,7
<i>Homes</i>	12,8	11,4	15,6	2,8	21,9
<i>Mulleres</i>	98,3	98,9	101,9	3,6	3,7
Outra					
<i>Total</i>	8,9	9,8	12	3,1	34,8
<i>Homes</i>	5,2	5,4	6	0,8	15,4
<i>Mulleres</i>	3,7	4,5	6	2,3	62,2
Non sabe.					
<i>Total</i>	11,7	12,5	9,4	-2,3	-19,7
<i>Homes</i>	7,3	8,5	6,8	-0,5	-6,8
<i>Mulleres</i>	4,3	4	2,6	-1,7	-39,5

Fonte: INE.EPA.

Entre a poboación inactiva producíronse cambios moi importantes no último ano. En xeral aumentou a poboación inactiva un 1,7%, 18.500 persoas máis que accederon a este novo status, pero con importantes diferenzas segundo as mulleres ou os homes e segundo o tipo de inactividade.

Entre as mulleres, aumentou máis que entre os homes. Son 11.100 mulleres máis inactivas que antes da pandemia e 7.400 homes máis.

Logo do forte medre de mulleres como labores da casa que se producira no ano 2020, (en gran parte obrigadas para facerse cargo das persoas dependentes que o confinamento deixara desatendidas), en 2021 prodúcese unha forte caída, que deixa este tipo de inactividade en valores inferiores ao ano 2019; no caso dos homes descendeu pero en moita menor medida.

Tamén a inactividade por unha incapacidade permanente sufriu un forte descenso, estímense 11.400 persoas menos nesta situación que en 2019. Neste caso a evolución foi semellante entre homes e mulleres.

Estes descensos foron compensados con crecen polas persoas que se xubiláron e polas que están en proceso de formación. Estímense 30.800 persoas estudantes máis que no ano 2019, das cales o 52.3% son mulleres. No caso da xubilación, o incremento, importante debese única e exclusivamente ao medre da mulleres xubiladas, 11.100 máis que antes da pandemia. Entre os homes descendeu o número de xubilados.

Tamén por percibir unha pensión distinta da de xubilación, aumentou a inactividade, novamente neste caso, son maioría as mulleres. Das 6.300 persoas en que aumentou, 3.600 foron mulleres.

Ao gran peso que teñen as mulleres como inactivas por labores da casa (o 86,3% son mulleres) temos que sumarlle o das traballadoras que reducen xornada, piden excedencias para coidado de dependentes...

Non temos actualiza dates indicadores, os últimos son do ano 2017 da enquisa estrutural a fogares, pero dada a importancia dos mesmos, e que a situación, si mudou, foi a peor a causa da pandemia, consideramos importante reproducilos.

- o 87% as persoas inactivas por coidado de menores ou persoas dependentes en Galiza son mulleres;
- o 77% das persoas traballadoras con redución de xornada por coidado de menores de 12 anos son mulleres;
- o 91,6% das persoas que se acolleron a unha excedencia por coidado de fillos ou fillas foron mulleres;
- o 71,2% das persoas que reduciron ou suprimiron traballo remunerado por coidado de dependentes foron mulleres;

- o 77,3% das excedencias por coidado de dependentes foron mulleres;
- o 56% das persoas que utilizaron flexibilización horaria para conciliar foron mulleres.

Maiores taxas de paro, maior temporalidade, maior número de traballos a xornada parcial, escasa duración dos contratos temporais, menores ingresos, excedencias/ reducións por coidados... teñen unha incidencia directa e multiplicada na xubilación, na cal a fenda de xénero é moito maior.

Pensións

Pensionistas e pensión media. 2021

	Número	Importe medio (euros)
<i>2021</i>		
<i>Ambos sexos</i>	769.285	886,68
<i>Homes</i>	354.779	1.089,38
<i>Mulleres</i>	414.503	713,18
<i>Fenda das pensións</i>		34,5

Fonte: Pensións e outras prestacións. IGE

En termos absolutos a diferenza de ingresos entre unha muller e un home pensionista é de 376,5 euros ao mes, xa que a pensión das mulleres está en 713,18 euros mensuais, fronte aos 1.089,38 dos homes. Esta distancia sitúa a fenda no 34,5%.

A fenda de xénero das pensión é do 34,5%

Esta fenda explícase polos menores anos cotizados e as bases de cotización máis baixas, consecuencia da precaria vida laboral descrita anteriormente.

Comezando polos anos cotizados.

Número de anos cotizados segundo idade e sexo.

	Total	Homes	Mulleres	Diferenza homes-mulleres

<i>Menor de 25 anos</i>	1,2	1,2	1,1	0,1
<i>De 25 a 34 anos</i>	5,59	5,88	5,29	0,59
<i>De 35 a 44 anos</i>	13,48	14,4	12,54	1,86
<i>de 45 a 54 anos</i>	20,04	22,17	17,76	4,41
<i>De 55 a 64 anos</i>	27,12	30,79	23,32	7,47
<i>De 55 ou máis anos</i>	29,4	34,8	24,1	10,7

Fonte: Mostra continúa de vidas laborais. 2019

Xa entre as persoas con menos de 25 anos, recen incorporadas a mercado laboral polo tanto, se contabiliza un mes menos cotizado entre as mulleres que entre os homes. A medida que vamos sumando anos a fenda vaise ensanchando, para ao final da vida laboral, con máis de 65 anos, a diferenza é de 10 anos e 7 meses.

Se ao menor número de anos cotizados, sumamos unha bases de cotización máis baixas, explícase a fenda antes analizada.

Bases de cotización segundo idade e sexo.

	Total	Homes	Mulleres	diferenza
	sexo			
	2019	2019	2019	
<i>Total</i>	1.641	1.796	1.492	-304
<i>De 16 a 24 anos</i>	1.036	1.125	930	-195
<i>De 25 a 34 anos</i>	1.452	1.529	1.379	-150
<i>De 35 a 44 anos</i>	1.707	1.869	1.556	-313
<i>De 45 a 54 anos</i>	1.785	2.010	1.568	-442
<i>De 55 a 64 anos</i>	1.841	2.037	1.643	-394
<i>65 ou máis anos</i>	1.766	1.967	1.602	-365

Fonte: Mostra continúa de vidas laborais. 2019

A base de cotización media foi de 1.641 euros ao mes (1.796 os homes, 1.492 as mulleres), cunha diferenza media a favor dos homes de 304 euros mensuais.

Xa entre as bases da xente máis nova, menores de 24 anos, a diferenza é de 195 euros; a partir desta idade a diferenza vai aumentando, ata as idades comprendidas entre os 45 e os 55 anos, onde acada os 442 euros ao mes. A idade de xubilación, a diferenza é de 365€.

Logo están as persoas, que por non ter traballado fora do fogar ou non ter cotizado os anos suficiente para acceder a unha pensión contributiva, perciben unha non contributiva.

Neste caso a fenda de xénero tamén é alarmante. Das 37.841 persoas que perciben este tipo de prestación, 24.936, o 66% son mulleres.

Algo semellante ocorre coas perceptoras da RISGA, neste caso as mulleres son o 60% do total, 5.442 perceptoras, fronte a 3.578 homes.

Pensions non contributivas, risga...